

Luns, 28 de abril de 2025

Núm. 79

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Persoal, oposicións**

RESOLUCIÓN DE RECURSOS E DECLARACIÓN DE DESERTA A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DE ELECTROMECAÑICOS (EXPTE. 44254/220)

ANUNCIO

RESOLUCIÓN DE RECURSOS E DECLARACIÓN DE DESERTA DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DE ELECTROMECAÑICOS (EXPTE. 44254/220)

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de abril de 2025, adoptou o seguinte acordo:

"PRIMEIRO.— Desestimar o recurso de alzada presentado en documento número 250011470 de data 17/01/2025, pola interesada D^a B. Arranz González en relación coa resolución das alegacións presentadas e baremación definitiva do proceso de provisión, de conformidade coa motivación contida nas actas da comisión de valoración nº 2 (data de sinatura 13/12/2024, incorporada ao expediente electrónico nº 44.254-220, trámite 145) e nº 3 (data de sinatura 29/01/2025, incorporada ao expediente electrónico 44.254-220, trámite 166)

SEGUNDO.— Declarar deserta a convocatoria para a provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Electromecánicos do Concello de Vigo descrito na base primeira das específicas que rexen a convocatoria, consonte á proposta efectuada pola Comisión de Valoración contida nas actas que obran incorporadas ao expediente electrónico nº 44.254-220, e ao non existir aspirantes que superasen a puntuación mínima sinalada na base cuarta das específicas que o rexen.

TERCEIRO.— Ordenar a publicación da resolución da convocatoria publicarse no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo.

CUARTO.— Contra o presente acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo competentes no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-



Luns, 28 de abril de 2025

Núm. 79

administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto."

MDG

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O Alcalde.

P.D. A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).- María Olga Alonso Suárez.

P.D. A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).- Patricia Rodríguez Calviño.

